

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE DATA 15 DE SETEMBRO DE 2023 EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO POR CONCURSO-OPOSICIÓN DA PRAZA DE MONITOR DEPORTIVO DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).

EXPEDIENTE: 2064/2022

En data 15 de setembro de 2023 e sendo as 12:00 horas, reúnese de maneira telemática o Tribunal Cualificador do Proceso Excepcional de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Lalín, convocado para a cobertura de 3 prazas de Monitor Deportivo (2 a xornada completa e 1 a xornada parcial do 50%) para o ingreso por Concurso-Oposición.

Baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; e coa asistencia dos vogais: Antonio Santos Guerra, Isabel Areán González e Milagros Vázquez García ; actuando como Secretario Román Pérez García, **quen dá fe do acto.**

Como persoal colaborador Alba Louzao Rodríguez.

Enténdese constituído o tribunal posto que existe quórum.

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello.

Por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador dos presentes procesos selectivos, enténdese necesario ter unha reunión previa co gallo de acordar a data e lugar para a realización do exame tipo test e así, poder organizar a elaboración da fase de oposición de Monitor Deportivo.



2.- PERSOAS CONVOCADAS PARA A PROBA TIPO TEST:

| 3 MONITOR/A DEPORTIVO/A (C2) (CONCURSO OPOSICIÓN) (2 A XORNADA COMPLETA E 1 A XORNADA PARCIAL 50%) | | | |
|--|-----------------------------------|----------------|-------------|
| NUM | APELIDOS E NOME | DNI CRIBADO | ADMITIDO/A |
| 1. | Currás González, Daniel | ***9288** | |
| 2. | Iglesias Rodríguez, Laura | ***9009** | |
| 3. | Iglesias Varela, Martín | ***8950** | |
| 4. | López Penas, Begoña | ***9787** | |
| 5. | Nogueira Carral, María del Carmen | ***2279** | |
| 6. | Peral López, Daniel | ***1274** | *(3) |
| 7. | Rodríguez Domínguez, Jesús | ***4821** | |
| 8. | Rodríguez Munín, Daniel | ***6215** | |
| 9. | Silva Sánchez, Belén | ***9327** | |
| 10 . | Taboada Varela, David | ***8974** | |

***(3)** Aínda que este punto non é causa de exclusión, non acredita o CELGA polo que, de non presentalo nos dez días hábiles que establece a base sexta de admisión de candidatos, das bases de selección, deberá realizar a proba de galego, establecida como proba na base novena.

3.- DATA E LUGAR DO EXAME

Praza: Monitor Deportivo

Establecer a data e o lugar da primeira proba da fase oposición (proba tipo test)

- Data: Xoves 21 de setembro do 2023
- Hora: 10:00 horas
- Lugar: Sala de Xuntas deste Concello de Lalín – Praza de Galicia núm. 1. LALÍN



4.- ORGANIZACIÓN DO EXAME.

De acordo co Anexo I das bases que regulan o proceso selectivo en cuestión, a fase de oposición consta da realización dun exame tipo test de **60 preguntas (o Tribunal Cualificador determinou a elaboración de 6 preguntas adicionais de reserva, para o caso de posibles impugnacións ou reclamacións)** con catro respostas alternativas e das cales só unha é correcta.

Por outra banda, as bases de dito procedemento selectivo establécese que o tempo máximo de duración do exame será de 120 minutos, **establecéndose por ende por dito Tribunal unha duración de 90 minutos para a proba tipo test de Monitor Deportivo.**

5- FINALIZACIÓN DA SESIÓN:

Ás 13:15 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

